

Lectores monodose e *questione della lingua*

Armando Requeixo

É sorprendente a presenza e vitalidade das que gozou sempre entre nós e segue a gozar un xénero narrativo como o relato, que foi mudando cos tempos, xaora, pero que continúa ben vivo en modalidades como o mini e microrrelato, o ciberrelato ou os relatos diarísticos e epistolares ficcionalizados, que comparten protagonismo hoxe cos clásicos relatos curtos ou breves e os contos longos, xa na fronteira da noveleta ou novela curta.

Coido que entre as explicacións posibles para este feito habería que situar a sombra da tradición, o espello da historia literaria propia, con escritores doutra hora abondo voluntaristas, sen moito tempo que dedicar a longos textos.

Actualmente as nosas letras atravesan unha fase de *paranormalidade* que, tendo deixado atrás certas limitacións sistémicas pasadas, aínda non alcanzou condicións harmónicas que as regularicen e iguallen en maior medida con outras literaturas da contorna. Velaí, coido, porque os nosos narradores, maioritariamente aínda non profesionais (semiprofesionais no

mellor dos casos), continúan a ver no relato un xénero posible.

O dito explicaría por que abundan os volumes contísticos resultado do (re)aproveitamento de obra édita dispersa, que *funcionan* no sistema como unha maneira de pór novamente en circulación textos que no seu día se escribiron para circunstancias varias e en diversos soportes como contos (máis ou menos) breves que se cadra terían delongado moito máis a súa aparición se fosen ideados formando parte dun volume, de extensión necesariamente moito maior e, por tanto, doutras esixencias temporais.

Doutra parte, a realidade social presente, cun mundo globalizado, tecnoloxizado e ultrarrápido, con individuos afeitos en todas as ordes da vida a un consumo acelerado de textos orais e escritos converte os relatos en idóneos para unha sensibilidade lectora que se manexa en distancias curtas, en monodoses doadamente inxeribles sen as complicacións descodificadoras que adoito supoñen os crípticos mundo poéticos e as carencias de tempo que os eidos laboral, familiar etc.

impoñen aos noveladictos e bestsellerizados, numerosos tamén, por suposto.

En paralelo a todo o anterior discorre outro fenómeno igualmente rechamante: o notable éxito que obteñen aquelas obras nas que a *cuestión da lingua* devén central. Entendo que aínda fica entre nós un lector filoloxizado, patriotizado, que superpón ao estritamente literario valores da escrita sociolóxicos e/ou ideolóxicos e, daquela, ve con agrado estas temáticas que volven, máis unha vez, a pór de relevo unha problemática sen resolver.

Neste sentido, serían xustamente os xéneros narrativo –o máis popularizado– e teatral –o de máis nidia intervención directa cando o escrito dá o salto ao escénico– os preferidos para o tratamento desta circunstancia e, por tanto, os que con maior eficacia poden gañar o favor dun público que empatiza, comprometidamente, coa *causa da lingua*. Así se explicaría a positiva acollida amosada polo lectorado a obras de recente aparición como *Comedia bífida*, de Xosé Manuel Núñez Singala ou *Made in Galiza*, de Séchu Sendé, que, alén dos seus valores intrinsecamente literarios, deixan tramar nas súas páxinas todo un ideario lingüístico que nesta *normal anormalidade* na que vivimos instalados segue tendo moito que dicir.